

INFORME
MESA TEMÁTICA
Formación, asesoramento e innovación

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA
“MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”



19 de Marzo de 2015
Fundación Juana de Vega

- LIMIAR 2
- PROGRAMA 2
- ASISTENTES..... 4
- DESENVOLVEMENTO DA XUNTANZA 5
- Benvida 5
- Traballo e discusión 13
- Conclusións e pasos a seguir 20
- ANEXO I: Accións de formación, asesoramento e investigación na actualidade nas distintas entidades do territorio..... 21



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA MCETM



LIMIAR

O obxectivo das mesas temáticas é traballar de xeito participativo no establecemento e posta en marcha das liñas de acción concretas para o desenvolvemento sostible do Sistema Alimentario Local da Reserva de Biosfera. As liñas definidas serán incluídas no documento do Plan Alimentario 2014-2017 que será presentando no verán de 2015.

En decembro tiveron lugar as primeiras xuntanzas das mesas temáticas de Produción/ Transformación e Comercialización en Canles Curtas. E o pasado 19 de marzo de 2015 tivo lugar á primeira xuntanza da mesa temática de **FORMACIÓN, ASESORAMENTO E INNOVACIÓN.**

Nesta mesa trabállase para establecer liñas de acción e proxectos concretos cos distintos centros formativos e de investigación do territorio, buscando a coordinación e mellora das actuacións de formación e asesoramento aos emprendedores do sector agroalimentario, identificando ademais proxectos innovadores e de colaboración que dean resposta a moitos dos retos e obstáculos cos que se atopan os produtores, transformadores e comercializadores do sistema alimentario.

PROGRAMA

- ⊕ **9:30 – 9:40 h:** *Benvida á xuntanza e presentación de obxectivos concretos.*
Miguel Fernández. Técnico ADR Mariñas- Betanzos.
- ⊕ **9:40- 10:00 h:** *Presentación dos avances do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera.* **Beatriz Suárez.** Técnico ADR Mariñas- Betanzos
- ⊕ **10:00- 12:00 h:** *Traballo e discusión sobre os seguintes temas:*
 - I. Formación/asesoramento no sistema alimentario do territorio da Reserva de Biosfera:
 - Programas formativos regulados e non regulados e proxectos desenvolvidos no sector agroalimentario por cada entidade.

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

- Detección de carencias ou eivas, así como facetas nas que se debe incidir, mellorar o incluír.
 - Identificación de proxectos/estudos realizados con maiores posibilidades de transferencia no territorio.
 - Innovación- Co (Innovación colaboradora): necesidade de integrar accións ou definir un itinerario colaborador de apoio ao emprendemento: Protocolo ou procedemento de apoio ao emprendedor.
- II. Posibilidade de usar os recursos e infraestruturas das que dispoñen os distintos centros de formación/ investigación de cara ás empresas do sistema alimentario.
- III. Recuperación e fomento das variedades e razas autóctonas:
- Situación actual e posibilidades de levar a cabo o rexistro de certas variedades a curto prazo.
 - Cómo mellorar a dispoñibilidade de sementes e plantóns en ecolóxico
 - Impulso á creación de empresas de multiplicación de variedades e razas autóctonas
 - Posibilidades de colaboración entre centros de investigación e empresas para a comercialización de variedades locais.
- IV. Tormenta de ideas de proxectos de innovación e colaboración entre axentes do sistema alimentario.

🕒 **12:00- 13:00 h:** Conclusións e pasos a seguir

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

ASISTENTES

AXENTE	ENTIDADE Sector
Xoana Varela Auber	Oficina Agraria Comarcal Betanzos <i>Administración Autonómica</i>
Lois Arenas Barreiro	Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo <i>Centro de Formación</i>
Manuel López Luaces	Centro Investigacións Agrarias de Mabegondo <i>Investigación</i>
Alfredo Taboada Arias	Centro Investigacións Agrarias de Mabegondo <i>Investigación</i>
Jaime Fernández Paz	Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia <i>Investigación</i>
Juan López	Fundación Juana de Vega <i>Formación/Emprendemento</i>
Enrique Arbones	Universidade de Santiago de Compostela <i>Investigación</i>
Xan Pouliquén	Xestión, xestión agrogandeira e natureza, SL <i>Empresa privada- Formación e Xestión</i>
Xoán Ramón Díaz Saavedra	AGALPI (Asociación Produtores Galiña Piñeira) <i>Producción</i>
Pablo López Calviño	Viveiro As Angustias <i>Producción</i>
Belén Matilla Cortés	Cooperativa LUTEGA <i>Producción/Asociacionismo</i>
Sergio Boado Seoane	Granxa de Lousada <i>Producción Horta e Gandería ecolóxica</i>
Isabel López Chamorro	Finca Bouzón- Horta máis sa <i>Producción- Venta en tenda local</i>
Diego Miranda Barros	ADR Mariñas-Betanzos <i>Programa Integrado de Emprego</i>
Lucía Candal Gándara	ADR Mariñas-Betanzos <i>Organización da xornada</i>
Miguel Fernández Pardo	ADR Mariñas-Betanzos <i>Organización da xornada</i>
Beatriz Suárez Sánchez	ADR Mariñas-Betanzos <i>Organización da xornada</i>

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

DESENVOLVEMENTO DA XUNTANZA

Benvida

Miguel Fernández, técnico da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, deu a benvida aos asistentes presentando os obxectivos da mesa temática e animando á implicación de todos os asistentes. Miguel destacou a necesidade de elaborar unha *Guía do emprendedor verde* cos recursos de formación, asesoramento e axudas dispoñibles no territorio para animar á incorporación dos novos emprendedores ao sistema agroalimentario.



Presentación dos avances do Plan alimentario

Beatriz Suárez, técnico da ADR Mariñas-Betanzos fixo un repaso aos principios e obxectivos do proxecto do Plan alimentario, e detallou as actividades desenvolvidas ata agora no marco do proxecto que conta co apoio da Fundación Biodiversidad.

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

Apertura da xuntanza
Miguel Fernández



Bolsa de terras: Estase traballando en diferentes zonas piloto do territorio na identificación de terras infrautilizadas para a súa posible inclusión na Bolsa de Terras de la Reserva, axudando así á xeración de iniciativas emprendedoras ligadas á terra. Trátase dunha base de datos con parcelas dispoñibles cuxas características e situación poderá ser consultada proximamente nun visor web que se está a por en marcha. Na actualidade xa se visitaron e incluíron no visor 12 parcelas.

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA

BOLSA DE TERRAS DA RESERVA DE BIOSFERA

Que é a Bolsa de Terras?
Ferramenta/ Base de datos para dinamizar terras agrarias abandonadas: cesión, aluguer ou venda.

Visor Terras RB MariñasCoruñesas...
Parcela16_Abegondo
Ficha completa: <http://go.gl/1BAAKX>
Referencia Catastral: <http://go.gl/1QZU2U>

Programa Bio-Comedores escolares: A animación dun menú ecolóxico en centros escolares elaborado con produtos da zona é unha

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA MCETM



das liñas de acción comprometidas coa Fundación Biodiversidad como apoio á comercialización en canles curtas.

Neste momento, tense falado con cinco centros escolares interesados. Así mesmo, tense contactado cos produtores en ecolóxico da zona, para coñecer a dispoñibilidade dos produtos e se estes serían suficientes para a elaboración do menú. En principio so se poderá levar a cabo a iniciativa nun centro escolar no mes de abril e estudar a posibilidade de manter o compromiso de consumo con este e outros centros escolares nun futuro. Neste proceso detectouse a falta de produción ecolóxica de leite, pan, froita, queixos e carne.

- ■ *Acadar compromisos de compra-venda locais:* estase traballando no establecemento de compromisos de compra-venda dende os concellos, de maneira que sexan os primeiros en incluír os produtos locais e/ou ecolóxicos nos eventos e xornadas que organizan.

Miguel Fernández rematou esta parte falando da Marca de produtos da Reserva de Biosfera, cuxo regulamento está pendente de ser aprobado dende a Rede de Reservas de Biosfera Españolas, e que xa conta cos pregos de condicións das producións de viño, horta, lácteos e marmeladas.

Comentouse ademais a dispoñibilidade dunha finca e un viveiro de emprendemento hortícola e agroalimentario na parroquia de Iñás (Oleiros) como infraestruturas de apoio aos emprendedores. Para a nave en principio espérase sacar un concurso de propostas nas próximas semanas para darlle un uso.

Intervención dos asistentes para comentar o seu papel no Sistema Alimentario Local

Diego Miranda: Técnico de proxectos da ADR Mariñas-Betanzos e responsable do Programa Integrado de Emprego, describiu o Programa “Biosfera Emprega” da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, que se imparte dende a

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA MCETM



ADR Mariñas-Betanzos co obxectivo de promover a inserción laboral das persoas en situación de desemprego.

O programa ofrece formación e asesoramento sobre produción hortofrutícola ecolóxica, elaboración de transformados agroalimentarios (cervexa, viño, sidra, zumes, conservas vexetais, marmeladas, xabóns e cosmética natural), así como outras actividades ligadas ao emprego verde.

Outra das claves deste Programa e a formación e asesoramento para a xeración de novas iniciativas emprendedoras.

<http://biosferaemprega.blogspot.com.es/p/temario.html>

Diego destacou a necesidade de orientar as ideas de emprendemento, elaborando un plan de empresa de maneira que os alumnos soubesen todos os recursos dos que dispoñen no territorio.

Isabel López: Produtora ecolóxica do Concello de Curtis e propietaria de tenda de produtos ecolóxicos na Coruña. Como produtora experimentada no sector ecolóxico a súa misión é trasladar ao consumidor todo o esforzo que hai detrás da produción de horta ecolóxica e mellorar a imaxe que ten a poboación desta produción. Apuntou que é fundamental que os produtores vexan ao comercializador non como un inimigo senón como un aliado con quen acadar prezos xustos de venda.

Xoana Varela: Técnica da Oficina Agraria Comarcal de Betanzos, da Consellería de Medio Rural e do Mar. Comentou o papel das Oficinas agrarias na formación, o emprendemento e a innovación. Xestionan as [Axudas de incorporación de mozos](#) e os [Plans de mellora das explotacións](#). Son os xestores do Banco de Terras da Xunta de Galicia e tamén realizan cursos básicos, principalmente de manipulación de produtos fitosanitarios e de benestar animal.

Cree que as Oficinas Agrarias pasaron a ser meros xestores de axudas e que na actualidade a labor de asesoramento quedou nun segundo plano. Por outra

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

banda, comentou que o *Plan de transferencia tecnolóxica do Agro Galego* é un recurso menosprezado e que se podería orientar e aproveitar segundo as recomendacións do Plan alimentario.

Lois Arenas: O Director do CFEA de Guísamo destacou como viven o día a día das consecuencias da crise no alumnado. A necesidade de terra e inversións iniciais supón un obstáculo a veces insalvable para o emprendemento. Dedicáanse non só á formación senón tamén á experimentación nas 7 hectáreas de terreo dispoñibles no centro.

En canto á formación, a administración autonómica practicamente solo financia cursos para temas esixibles. Sen embargo, no [Programa de Formación Continua para o Agro Galego](#) podería incluírse a proposta dalgún curso cos contidos que sexan identificados nesta mesa de traballo.

Destacou as trabas administrativas e de xestión da formación que sofren polos prazos axustados que deben cumprir. Pódese consultar máis información sobre a formación e a experimentación levada a cabo desde o CFEA no Anexo I.

Jaime Fernández: Director Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia. A misión do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia é dar un servizo de análises químicos e físicos dos produtos agrarios e alimentarios. Analizan a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas, cultivos, produtos da alimentación animal e solos. Finalmente, o Laboratorio Agrario realiza diagnósticos fitopatolóxicos, é dicir, diagnósticos da sanidade dos cultivos herbáceos e leñosos. Tamén participan en proxectos de I+D colaborando co CIAM. Teñen alumnos en prácticas e reciben empresarios para consultas variadas.

Enrique Arbones: Profesor da Universidade de Santiago de Compostela e Director da Aula de Produtos Lácteos (APL) destacou a necesidade de promover cursos de formación de asesores no sector. Neste senso formulou a posibilidade de que os técnicos dinamizadores presentes puidesen participar nun proxecto europeo ERASMUS + para a obtención dun certificado de recoñecemento europeo.

Enrique como experto en industrias agroalimentarias, propuxo darlle á nave máis dun único uso, combinando varios produtos e optando pola multilicenza. Desde o seu departamento ofrécese a colaborar no deseño da industria e no cumprimento dos requirimentos administrativos para a posta en marcha do proxecto na nave.

Ademais desde a Aula de Produtos Lácteos de Lugo ofrecen a posibilidade de facer visitas e prácticas nas súas instalacións.

Manuel López: Director do CIAM. Desde Mabegondo tratan de dar solucións a todas as inquietudes que poden xurdir no sector agroalimentario e transferir os coñecementos a todo o sector. Están sufrindo restricións presupostarias tendo que vincular un proxecto de investigación con diferentes convocatorias autonómicas, nacionais o europeas que vaian xurdindo.

Con respecto ás variedades locais, eles actúan como custodios de recursos fitoxenéticos de toda a comunidade a través do Banco de Xermoplasma. Recollen todas as variedades susceptibles de ser variedades autóctonas, as caracterizan e seleccionan, e inténtanas rexistrar como variedades de conservación. É un proceso complexo e longo que se complementa co interese das empresas privadas co rexistro da variedade como comercial.

Pódese consultar algúns dos proxectos levados a cabo desde o CIAM no Anexo I.

Alfredo Taboada: Investigador experto en horta do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, destacou que a función do CIAM é conservar as variedades locais pero non comercializalas, sendo sempre unha empresa a que debe apostar por reproducila e vendela no mercado. En canto á transferencia tecnolóxica, cree que necesita un empuxe, porque en ocasións non parece existir suficiente interese dende a iniciativa privada para levar a cabo proxectos innovadores.

Xan Pouliquén da empresa Xestión Agrogandeira e Natureza SL, leva dez anos axudando a que a xente do campo poida vivir da terra pero con técnicas

respectuosas co medioambiente e promovendo unha agricultura o menos intensiva posible.

Xan apuntou varios retos e eivas na formación do sector, principalmente a formación en habilidades sociais, marketing e mercados. Tamén é necesaria a formación non regulada, é dicir, máis específica. É clave a identificación da xente con potencialidade para dinamizala e animala a traballar no sector.

En canto ás prácticas en empresas, debería fomentarse un sistema de prácticas que supoña un acompañamento máis próximo dende a empresa que xa está en marcha co novo emprendedor/a.

Respecto á innovación, Xan esperaba que a nova fórmula do Axente de Innovación da Política Europea fose efectiva a nivel local pero parece que o PDR Galego no apostará por ela. Agora é complicado traballar en proxectos innovadores non so pola enorme competencia senón tamén porque os proxectos que se esperan son de gran presuposto para ser abordados dende o pequeno produtor ou asesor.



Pablo López: Propietario do Viveiro As Angustias (Betanzos). No viveiro das Angustias reproducen e producen plantel hortícola, ornamental e forestal e estanse iniciando na reprodución da semente de árnica recollida de maneira

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

Asistentes a Mesa
temática



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA M_{Ce}TM



silvestre. En canto ás variedades de tipo autóctono producen principalmente tomate, cebola, pemento e col.

Juan López: Fundación Juana de Vega. Comentou o papel da Fundación no apoio e financiamento de proxectos de investigación no medio rural Galego, dende o sector agroalimentario ao sector forestal. Pódese consultar máis información das actuacións da Fundación Juana de Vega no Anexo I.

Belén Matilla: Interventora de LUTEGA. Belén Matilla, destacou a necesidade de transferir o coñecemento dos centros de investigación cara ó terreo.

Sergio Boade, de Granxas de Lousada en Irixoa, describiu a su actividade como único produtor de carne ecolóxica do territorio (porco celta, tenreiro e años) ademais da diversificación da súa actividade coa produción de horta e proximamente de ovos. Cree que existe gran demanda de carne ecolóxica e que habería oco para máis produtores. Tamén comentou a necesidade de matadoiros e carnicerías certificadas en ecolóxico no territorio ou nas proximidades. En toda Galicia tan so encontramos dúas carnicerías certificadas en ecolóxico.

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

Traballo e discusión sobre os seguintes temas:

I. Formación/asesoramento no sistema alimentario do territorio da Reserva de Biosfera:

a) Detección de **carencias ou eivas**, así como facetas nas que se debe incidir, mellorar o incluír.

b) **Innovación colaboradora**: necesidade de integrar accións ou definir un itinerario colaborador de apoio ao emprendemento: ¿Que capítulos ou apartados podería ter o Protocolo- Itinerario- Guía de emprendemento verde?

Para este bloque temático creáronse tres grupos de discusión que durante media hora intentaron dar resposta aos debates formulados que aparecen no cadro anterior:

A continuación enuméranse as principais **conclusións** obtidas no debate dos grupos:

- ■ *Necesidade de mellorar a formación nos seguintes temas:*
 - Marketing e envasado
 - Escalas de produción e mercado
 - Fomento do espírito emprendedor
 - Fomento do asociacionismo
 - Gandería ecolóxica
 - Avicultura
 - Transformados cárnicos
 - Floricultura e viveirismo
 - Formación en abonos ecolóxicos
 - Poda de lúpulo
 - Formación laboral, fiscal e administrativa para a xestión dunha empresa

- ■ *Necesidade de mellorar o asesoramento de cara á creación do Plan de negocio e a xestión técnico económica da empresa.*

Respecto ás *metodoloxías* máis doadas para mellorar a formación e o asesoramento, destacan as seguintes:

- Elaboración de Guías ou Estudos de Viabilidade das explotacións en base a datos reais onde se recollan: inversións e infraestruturas necesarias, canles de comercialización identificados, etc.
- Fomentar a figura do “mentor” ou o apadriñamento dos novos emprendedores por parte das empresas xa consolidadas.
- Seguir fomentando a colaboración e cooperación entre axentes como canal para expresar as necesidades do sector e as posibilidades de a posta en marcha de proxectos de innovación.
- Incrementar a formación de formadores e asesores.
- Formación máis intensiva e práctica.

■ ■ En canto aos *contidos e características do protocolo de acompañamento ao emprendedor “verde”* a información recollida foi:

Os apartados que debería conter a *Guía ou Protocolo de emprendemento* poderían ser:

1. Acceso a infraestruturas:
 - a. Terras: Bolsa de Terras, Banco de Terras de Galicia, outras.
 - b. Auga e Luz: entidades de contacto para a xestión destes servizos.
2. Guía de viabilidade da explotación.
3. Financiamento: axudas dispoñibles e entidades que as xestionan. Incluindo a Banca ética e outros métodos de financiamento menos tradicionais.
4. Fórmulas de creación da empresa: Sociedade Limitada, Cooperativa, etc.
5. Cómo crear o Plan de Negocio empresarial: qué entidades participan, ter a posibilidade de que o Plan de negocio sexa discutido por expertos na materia, etc.
6. Canles de comercialización existentes.
7. Entidades de asesoramento no territorio.
8. Posibilidade de prácticas e/ou mentoring en empresas xa consolidadas.

A Guía debería diferenciar entre protocolo para produtores e para transformadores.

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA MCETM



II. Posibilidade de usar os recursos e infraestruturas das que dispoñen os distintos centros de formación/investigación de cara ás empresas do sistema alimentario.

Neste bloque pediuse a intervención das entidades do territorio sobre este tema.

Alfredo Taboada: O CIAM sempre ten a porta aberta para o asesorar e aconsellar a calquera persoa, aínda non sendo este o obxectivo principal da entidade.

Manuel López: Entende que desde o CIAM poden atender e asesorar de forma puntual aos emprendedores pero a labor de asesoramento debe prestarse desde a Consellería de Medio Rural a través das Oficinas Agrarias.

A posibilidade de facer uso da maquinaria e as infraestruturas do CIAM por parte de empresas privadas tan só pode ter lugar no marco dun proxecto ou estudo de investigación ou transferencia tecnolóxica que se este levando a cabo, e debe estar avalado por un convenio ou documento que xustifique o uso desa maquinaria.

Lois Arenas: Desde o CFEA de Guísamo ocorre algo similar ao que acontece co CIAM por ser tamén dependente da Consellería de Medio Rural.

A cociña do centro de formación utilízase para a formación do Programa Integrado de Emprego da ADR Mariñas Betanzos, e podería dársele uso en casos similares.

Enrique Arbones: Ofrécese a asesorar no emprendemento agroindustrial onde xa ten ampla experiencia en xestión de ideas e proxectos reais.

Desde a Aula de Produtos Lácteos, para poder autofinanciarse, traballan con empresas ás que prestan servizos con custe. Hai que ter en conta que o asesoramento é un servizo que non debe estar infravalorado e que ten un valor ao que o empresario débelle poñer un custo.

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

Desde a USC tamén traballan en solicitudes de proxectos europeos H2020 xunto con grandes socios europeos.

Xan Pouliquén comenta que a súa empresa é unha *Entidade de aconsellamento e xestión* rexistrada na Xunta de Galicia; e que é un servizo que os produtores deben acostumarse a pagar. Por exemplo, o asesoramento en cultivos costa moitos cartos polos desprazamentos que leva consigo.

Isabel López: Comenta que pode ser perigoso deixar un terreo e as súas infraestruturas gratis a un novo emprendedor. Se a xente non vive o difícil que é controlar os gastos logo resultaralle difícil adaptarse ás condicións reais do mercado.

Enrique Arbones: O que non hai que pagar en ocasións non se valora. En Alemaña non subvencionan o asesoramento porque o agricultor xa o ve como un investimento. Unha empresa sácalle máis beneficio ter a un grupo de expertos durante unha semana traballando en innovación, que poñer anuncios na televisión.



19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

Debate en grupos

III. Recuperación e fomento das variedades e razas autóctonas

a) Situación actual e posibilidades de levar a cabo o rexistro de certas variedades a curto prazo.	b) Como mellorar a dispoñibilidade de sementes e plantóns en ecolóxico	c) Impulso á creación de empresas de multiplicación de variedades e razas autóctonas	d) Posibilidades de colaboración entre centros de investigación e empresas para a comercialización de variedades locais.
--	--	--	--

Dentro do Plan alimentario unha das áreas prioritarias de acción é a recuperación de variedades e razas autóctonas e o fomento da produción ecolóxica. Neste bloque temático analizáronse as posibilidades de rexistro comercial de variedades e como mellorar a dispoñibilidade de plantón delas en ecolóxico.

Na actualidade estase a rexistrar como variedade comercial cun proxecto de transferencia tecnolóxica desenvolvido desde o CIAM cunha empresa de Pontevedra, as variedades locais de *Tomate Negro de Santiago*, *Cebola de Betanzos*, e *Repolo de Betanzos*.

Pódense consultar as variedades comerciais rexistradas na Oficina Nacional no seguinte enlace: <http://www.magrama.gob.es/es/agricultura/temas/medios-de-produccion/semillas-y-plantas-de-vivero/>.

Segundo comentaba Alfredo Taboada non hai moitos viveiros que teñan dispoñibilidade de sementes de variedades locais ou en ecolóxico, nin hai moitas empresas que teñan intención de comercializalas. Sendo esta a única forma de certificar a súa orixe. Desde o CIAM traballan para a conservación das variedades pero non as comercializan.

Pablo, do Viveiro das Angustias, comenta que o seu traballo consiste no autoabastecemento de sementes, a selección e a reprodución das mesmas sendo os clientes particulares os principais consumidores.

En canto ao tema ecolóxico, aínda que non ten experiencia na materia, si existise demanda podería producir plantel en ecolóxico nunha instalación de 700 m² que actualmente está libre. Pablo cree que para que a reprodución dunha variedade sexa rendible se deben manexar como mínimo 100 bandexas por variedade.

Isabel comenta que a maioría de plantóns ecolóxicos son de baixa calidade e que as sementes obtéñense do mercado internacional (Austria, por exemplo). En canto á demanda actual de variedades concretas en ecolóxico, segundo Isabel, as máis necesarias serían: Cebola de Betanzos, Cebola Chata, Repolo Corazón de Boi, Brécol de Cabeza, Coliflor de Cores, Romanescu, Xudía Galega e Alcachofa.

Xan Pouliquén cree que a solución pasaría por reunir a todos os produtores en ecolóxico con viveiristas como Pablo, e comentar cal é a demanda e os requirimentos dos produtores ecolóxicos para planificar a reprodución desas variedades. A data ideal da reunión é outubro ou novembro, momento en que as explotacións están planificando os seus cultivos.



19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación

Asistentes a Mesa
temática



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA MCETM



IV. Ideas de proxectos de innovación e colaboración entre axentes do sistema alimentario

Lucía Candal, técnico da ADR explicou o traballo que estase levando a cabo desde a ADR Mariñas-Betanzos sobre a cebola. Elaborouse un documento para reflectir a situación actual da produción e comercialización dos ecotipos locais de cebola (Cebola de Betanzos e Cebola Chata de Miño), mediante entrevistas aos principais axentes do territorio implicados. No documento recóllense tanto os problemas (como pode ser o prezo) coma as vantaxes (maior calidade) destes ecotipos de cebola. Estase a organizar unha reunión entre produtores e panadeiros (principais consumidores de cebola para a elaboración de empanadas) para chegar a un acordo e/ou compromisos, de utilizar os ecotipos locais de cebola e non a cebola que ven de fóra, e polo tanto crear novas oportunidades de emprego para futuros produtores e transformadores de cebola.

Xuán Ramón Díaz Saavedra presentou a idea do proxecto innovador que se está intentando poñer en marcha desde AGALPI (Asociación de Produtores Galiña Piñeira). AGALPI traballa para que os pequenos produtores/as de polo Piñeiro poidan sacrificar na propia explotación e que a carne fresca e derivados poidan ser vendidos a nivel local, asegurando en todo momento a inocuidade dos produtos así obtidos. A idea, enmarcada dentro do proxecto Cambela ¹, baséase na utilización de sistemas móbiles de atención e control veterinario de pequenas explotacións, onde se poida sacrificar aos animais sen necesidade de trasladarse a matadoiros situados a 40 ou 50 km, facilitando así unha produción o máis sustentable posible. Esta idea formará parte de unha proposta europea de proxecto que será enviada as convocatorias de innovación de H2020.

¹ Proxecto Cambela. <http://www.agalpi.org/>

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fundación Biodiversidad

PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA DE BIOSFERA M_{Ce}TM



Conclusións e pasos a seguir

A mesa temática supuxo un novo contacto entre as entidades do territorio que traballan pola formación- asesoramento e a innovación no sector agoalimentario da Reserva de Biosfera. Un punto de partida para continuar e mellorar a colaboración entre todos é traballar na posta en marcha de novos contidos o programas formativos, proxectos de innovación e a creación da Guía de Empremento Verde da Reserva de Biosfera e estudar a viabilidade de dispoñer dun viveiro ecolóxico no territorio.

A información recollida nesta reunión incluírase no documento do Borrador do Plan alimentario 2014-2017 que será debatido en próximas xuntanzas da Comisión Técnica.

19/03/2015
Formación
Asesoramento
Innovación



PLAN ALIMENTARIO DA RESERVA DE BIOSFERA M_{Ce}TM



ANEXO I: ACCIÓNS DE FORMACIÓN, ASESORAMENTO E INVESTIGACIÓN NA ACTUALIDADE NAS DISTINTAS ENTIDADES DO TERRITORIO

■ ■ FORMACIÓN E INNOVACIÓN

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR DA XUNTA DE GALICIA. OFICINA AGRARIA COMARCAL: BETANZOS E CAMBRE

Plan de formación continua agroforestal no marco do Eixe 1 do Programa de Desenvolvemento Rural 2007- 2013.

- Cursos de aptitude empresarial agraria, curso de Benestar Animal, curso de Usuario Profesional de Produtos Fitosanitarios e outros cursos esixibles de formación agroforestal (Ver aquí).

[Convocatoria 2015](#)

Plan de Transferencia Tecnolóxica para o Agro Galego no marco do Eixe 1 do Programa de Desenvolvemento Rural 2007- 2013.

[Convocatoria 2015](#)

CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE GUÍSAMO:

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo depende da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.

O seu obxectivo é responder ás necesidades formativas das/dos profesionais, entidades, asociacións e poboación relacionada con actividades agrogandeiras, forestais e dinamización do medio rural.

A formación que se imparte no CFEA de Guísamo axústase ás características da súa zona de influencia e baséase nos principios de solidariedade, respecto e sostibilidade humana e ambiental, potenciando deste xeito o aproveitamento dos recursos do lugar.

Formación regulada:

- Ciclo formativo de Grao Medio de Xardinaría e Floraría.
- Ciclo Superior de Paisaxismo e Medio Rural.

Plan de Formación continua no agro galego 2014:

- Horticultura como ferramenta educativa, social e terapéutica.
- Interpretación de análise de terras.
- Información e divulgación das técnicas de produción da caste de uva Branca Lexítima.
- Aptitude empresarial agraria.
- Aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios.

FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

A Fundación Juana de Vega, con sede no municipio de Oleiros, ten como obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si mesma ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación y desenvolvemento do medio rural en Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación do seu entorno natural e humano e á mellora da súa base económica e das actividades relacionadas con ela.

Asesoramento:

Programa de apoio ao emprendedor agroalimentario:

Investigación aplicada:

- Propiedade, mobilidade da terra e valorización territorial.
- Estudo do potencial das variedades Branco Lexítimo e Agudelo (*Vitis vinifera* L.) na zona vitícola de Betanzos.
- Mellora da calidade do kiwi producido en Galicia.
- Avaliación da virulencia de distintas poboacións de fungos responsables do Mildiu, Oídio e Botrytis, en diferentes zonas vitícolas de Galicia.

Actuacións de colaboración entre o CFEA Guísamo e a Fundación Juana de Vega

Formación:

- Viticultura e enoloxía.
- Bases técnicas para o desenvolvemento da fruticultura en Galicia.
- Outras xornadas e seminarios.

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO (CIAM)

O CIAM depende da Secretaría Xeral de Medio Rural, da Consellería do Medio Rural e do Mar. Ten a función de realizar investigacións aplicadas e básicas orientadas nas liñas de investigación preferentes dos programas de recursos e tecnoloxías agroalimentarias.

O CIAM realiza tamén unha difusión directa da Tecnoloxía desenvolvida a través dos “Días de Campo” (que se vén celebrando un cada ano, ou ben cada dous anos), reunións específicas con sectores e grupos concretos (ovino, vacún, matadoiros e carniceiros, transformadores lácteos, sementistas etc.), visitas dos agricultores e alumnos de centros de ensino técnico ás fincas e laboratorios do CIAM, xuntanzas co Servizo de Extensión Agraria, charlas dos investigadores do CIAM aos técnicos e agricultores das cooperativas ou outras institucións que así o demandan, e a publicación da Memoria Anual do CIAM.

Investigación aplicada; algúns exemplos de proxectos desenvolvidos en colaboración con empresas:

- Conservación do banco de xermoplama de froiteiras do CIAM.
- Valorización de variedades tradicionais de tomate e pemento a través dunha mellora da súa xenética e do seu manexo, cara a comercialización dun produto de alta gama.
- Selección de variedades hortícolas galegas con a empresa WamEstrada: tomate negro de Santiago, cebola e repolo de Betanzos.
- Mellora da calidade das variedades autóctonas de trigo e do pan galego.
- Estudo da caracterización agronómica e fisico-química do lúpulo galego silvestre e ecolóxico: emprego na elaboración de dous tipos de cervexa.
- ECOLACTO. Implantación de melloras no proceso produtivo de explotacións gandeiras e empresas do sector lácteo que reduzan o seu impacto ambiental e garantan a seguridade alimentaria dos seus produtos.
- Desenvolvemento de sementes ecolóxicas de millo forraxeiro híbrido galego para a súa produción, comercialización e uso en explotacións ecolóxicas galegas.

- Efecto do cruce, sistema de manexo, sexo, dose de acabado e idade de sacrificio sobre a calidade da canal e da carne de poldro galego. Estudo da vida útil.

Xornadas técnicas; por exemplo:

- Novas leguminosas anuais nas rotacións forraxeiras para a produción de leite: Aspectos Agronómicos e nutricionais.
- Alternativas na gandería semiextensiva en Galicia: Produción sostible e aproveitamento do territorio.

ADR MARIÑAS BETANZOS

Programa Integrado de Emprego - BIOSFERA EMPREGA:

O Programa “Biosfera Emprega” está enmarcado nos Programas Integrados de Emprego da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, e está dirixido a promover a inserción laboral das persoas en situación de desemprego

Este Programa está sendo posto en marcha pola Asociación Desenvolvemento Rural Mariñas-Betzanos, entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Formación e asesoramento sobre:

PRODUCCIÓN HORTOFRUTÍCOLA ECOLÓXICA, ELABORACIÓN DE TRANSFORMADOS AGROALIMENTARIOS (cervexa, viño, sidra, zumes, conservas vexetais, marmeladas, xabóns e cosmética natural), así como outras actividades ligadas ao EMPREGO VERDE (bioconstrución, aproveitamento da biomasa como recurso enerxético, reutilización de residuos sólidos urbanos, avicultura).

Outra das claves deste Programa é a formación e asesoramento para a xeración de novas iniciativas emprendedoras, e facendo especial fincapé na posta en marcha de proxectos no marco da Economía Social e Cooperativismo.

Participación en proxectos de cooperación da Rede Rural Nacional (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente):

- **NUEVOS HORIZONTES:** No marco deste proxecto elaboráronse as Guías produtivas dos cultivos de: horta, pataca, grelo, mazá, lúpulo, froiteiras, plantas medicinais e aromáticas.

- **CALIDAD AGROALIMENTARIA:** Impulso á Ruta das Adegas do Viño da Terra de Betanzos
- **ASGAIA:** Guía de produtores do territorio

Xornadas e seminarios de identificación de oportunidades de mercado no sector agroalimentario: <http://www.marinasbetanzos.com/p/xornadas.html>

Programa Iniciativa Xove 2013: [Guía de apoio á creación de agroindustrias para a mocidade nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.](#)

No marco do proxecto do Plan alimentario tense elaborado:

- Documento de [Diagnose do Sistema alimentario actual](#) da Reserva de Biosfera:
- [Mapa de orientacións produtivas](#) dos cultivos de horta, lúpulo, mazá, Viño da Terra de Betanzos e cereais.

■ ■ ENTIDADES DE ASESORAMENTO E XESTIÓN CON INFLUENZA NO TERRITORIO

A Consellería do Medio Rural e do Mar establece as axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). As entidades beneficiarias da axuda deben estar incluídas no Rexistro de [Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión](#) de Galicia (Resaxega). Na seguinte táboa móstranse as entidades do territorio que poden recibir estas axudas.

ENTIDADE	ASESORAMENTO	XESTIÓN
ADR MARIÑAS BETANZOS	X	
XESTIÓN AGROGANDEIRA E NATUREZA SL	X	X
ASOCIACIÓN DE LABREGOS/AS DE TERRAS DE VALCARCE	X	
COOP. AGRARIA PROVINCIAL DA CORUÑA S.C.G	X	X
COBA DE VALES SCG (MESÍA)	X	X
CUSOVIAME SCG (CURTIS)		X

Fonte: Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión de Galicia (Resaxega) da Xunta de Galicia. 2015